

Expediente núm.: 207/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que o posto de traballo de PEÓN DE OBRAS é necesario para a prestación de servizos básicos obrigatorios como o de abastecemento, saneamento ou vías públicas.

Visto que na actualidade o concello non conta con Bolsas de Emprego para a realización de contratacións que permita cubrir de forma temporal, mediante contrato laboral, as necesidades municipais que poidan presentarse, por motivo de vacantes, substitucións transitorias de baixas, licenzas regulamentarias, execución de programas de carácter temporal, exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses etc.,

Coa creación desta Bolsa de Emprego, o Concello da Merca pretende axilizar a selección de persoal dando cobertura ás necesidades de ocupación de carácter temporal no posto de traballo de PEÓN DE OBRAS. Todo elo rexido polos principios constitucionais de mérito e capacidade, que encontran a súa plasmación legislativa xunto aos de publicidade, transparencia e imparcialidade no artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Visto o Informe de Secretaría de data 04.04.2024 sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para constituír a bolsa de emprego.

Visto o informe favorable de Intervención de data 08.04.2024.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0178, do 8 de abril, aprobáronse as BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE PEÓNS DE OBRAS MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS CON ENTREVISTA, que figuran no expediente, e convocouse a creación dunha bolsa de emprego temporal de peóns de obras para posibles substitucións por motivo de vacantes, substitucións transitorias de baixas, licenzas regulamentarias, execución de programas de carácter temporal, exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses etc. (non se inclúen as contratacións subvencionadas por outras AA.PP), mediante o sistema de concurso de méritos con entrevista.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión para a creación dunha bolsa de emprego temporal de peóns de obras.

Visto que unha vez publicada a lista provisional de admitidos e excluídos na sede electrónica deste Concello [<https://amerca.sedelectronica.gal>] e no Taboleiro de Anuncios, non existen reclamacións, segundo o certificado de Secretaría.

De conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985,



de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

R E S O L V E

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

ADMITIDOS:

DNI	ASPIRANTE
***7947**	CELSE VAZQUEZ CURRAS-RODRIGUEZ

EXCLUÍDOS:

SEGUNDO. Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, na sede electrónica deste Concello [<https://amerca.sedelectronica.gal>] e no Taboleiro de Anuncios.

TERCEIRO. Convocar aos/ás aspirantes para a realización das probas o día 15 de maio de 2024, ás 10:00 horas.

Mándaa e asínaa, o Sr. Alcalde-Presidente, don José Manuel Garrido Sampedro, na Merca, a data de sinatura electrónica. Dou fe, o Secretario, don Abel Camoira Louzao.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

